



CONCELLO DE TUI

**ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**

**Nº DE SESIÓN: 4/2021**

**CARÁCTER: Ordinario**

**ANUNCIO**

Con data 26 de xullo do 2021 o Sr.Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO**

**Considerando que a actual evolución na contención da pandemia non exime aos poderes públicos o seu deber de «organizar y tutelar la salud pública a través de medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios» establecido no artigo 43.2 da Constitución Española para garantir o dereito á protección da saúde que reconece este artigo no seu primeiro apartado.**

**Considerando que a celebración do pleno debe realizarse de forma axustada aos requisitos necesarios para evitar calquera tipo de risco de contaxio da enfermidade, polo que, con carácter excepcional, a presente sesión plenaria se deberá celebrar a porta pechada para o público, sen prexuízo de que a súa publicidade e debida transparencia quedará garantida coa retransmisión da sesión en directo a través da radio municipal e**

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6F5E4FQK2NWXAGSQ5SLLMQZ | Corrección: <https://concellotui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



páxina web do concello, permitindo o acceso de medios de comunicación, e a súa posterior comunicación pública a través do Portal de Transparencia.

Se fai notar que se realizará unha distribución dos concelleiros permitindo a debida separación entre eles, que se porá a disposición dos mesmos para o seu uso de mascarillas e guantes, e que os concelleiros deberán ter en conta as recomendacións sanitarias a seguir establecidas na guía de “Buenas prácticas en los centros de trabajo por el COVID-19 (actualización 11/04/2020)” e protocolo de Medidas Preventivas Coronavirus Covid-19 remitido polo servizo de vixilancia da saúde deste concello.

Polo exposto, esta Alcaldía, ao abeiro da DA 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, e de acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

**PRIMEIRO.-**Convocar Sesión con carácter de Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar a porta pechada para o público o vindeiro xoves día 29 de xullo ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

## ORDE DO DÍA

### A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior 3/2021 celebrada o día 27/05/2021.

2º.- Toma de razón de escrito de renuncia da concelleira Maria del Pilar Besada Barahona (RE 2021-E-RC-4991) de 06/07/2021, e que se remita á Xunta Electoral Central para a remisión da credencial do correspondente concelleiro electo da lista que corresponda (Alejandro Manuel Carrera Barreira).

3º.- Expediente 957/2021. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda,





**Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 14/06/2021, de concesión de bonificación de ICIO correspondente ás obras contidas no “Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar” sito na rúa Antero Rubín, 16.**

**4º.- Expediente 1590/2020. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 14/06/2021, de concesión de bonificación de ICIO correspondente ás obras contidas no “Proxecto básico e de execución de rehabilitación integral de vivenda unifamiliar entre medianeiras” sito na rúa Cuenca, 23.**

**5º.- Expediente 937/2021. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 20/05/2021, relativa á bonificación de ICIO por obras de afectado pola explosión de Paramos (ID 379).**

**6º.- Expediente 1378/2021. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de data 15/07/2021 de rectificación puntual do Inventario Xeral e do Patrimonio do Concello de Tui para incorporación de parcela cedida pola Entidade Local Menor de Pazos de Reis para a construción do novo centro escolar de Pazos de Reis.**

**7º.- Expediente 655/2018. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de data 08/07/2021 de posta a disposición á Consellería de Educación do terreo con destino á construción do novo centro escolar de Pazos de Reis.**

**8º.- Expediente 972/2021. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta do concelleiro delegado de Servizos Sociais e Medio Ambiente, de data 19/07/2021, de adhesión na "Red Estatal de Entidades Locales por el Compostaje Doméstico y Comunitario".**

**9º.- Expediente 1460/2021. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de data 19/07/2021, de aprobación inicial de Ordenanza reguladora das axudas á Rehabilitación de Edificios e Vivendas no ámbito da área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui.**

**10º.- Expediente 1448/2021. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de data 19/07/2021, do Convenio de colaboración co Concello de Salvaterra para a contratación do alugeiro dunha embarcación turística no marco do proxecto 0686\_MINO\_DESTINO\_NAVIGABLE\_1\_E (INTERREG V-A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP) FEDER ).**





**11º.- Expediente 365/2020. Ditame da Comisión informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de 09/07/2021, relativo ao acordo sobre o novo texto do “Convenio entre la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. y el Ayuntamiento de Tui, para la Ejecución, Entrega, Mantenimiento y Conservación de las obras del proyecto de construcción de una Pasarela Peatonal en la Desembocadura del río Louro” e aprobación do proxecto de construción.**

**12º.- Expediente 658/2021. Ditame da Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de data 16/07/2021, relativa á aprobación do expediente de contratación de servizos, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para a contratación da prestación consistente no “Servicio de ayuda en el hogar. Prestación básica y dependencia (SAF)”.**

**13º.- Expediente 1409/2021. Ditame da Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 22/07/2021, favorable á proposta da Alcaldía, de data 19/07/2021, relativa á aprobación do expediente de contratación de servizos, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para a contratación da prestación consistente no “Contrato de servizos de limpeza de dependencias”.**

**14º.- Ditame da Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 22/07/2021, favorable á proposta do Sr. Jose Manuel Palacín Rodríguez de asunción do escrito da Asociación Trans Miño de apoio ás persoas LGTBIQ+.**

**15º.- Expediente 809/2021. Proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 05/07/2021, relativa á aprobación da Conta Xeral do Exercicio 2020, así como os Estados e Contas anuais anexos á mesma.**

**B) Actividade de control:**

**16º.- Expediente 764/2021. Dación de conta información morosidade - PMP 1º trimestre 2021.**

**17º.- Expediente 762/2021. Dación de conta información execución trimestral 1º**





trimestre exercicio 2021. Comunicación información LO 2/2012.

18º.- Expediente 188/2020. Dación de conta do informe de Intervención de data 25/03/2021, relativa aos reparos emitidos pola Intervención municipal durante o exercicio 2020.

19º.- Expediente 2705/2019. Dación de conta da resolución do Tacgal pola que se estima parcialmente o recurso interposto por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A. e SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L. contra a adxudicación da contratación da "concesión de obra pública para la redacción de proyecto, construcción y subsiguiente explotación de un aparcamiento subterráneo entre las calles Orense y Compostela(...)".

20º.- Dación de conta de resolucións da Alcaldía de nº 723 de 21/05/2021 ata o nº 1084 de 23/07/2021.

### C) Rogos e preguntas:

21º.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, e facendo remisión ás medidas e recomendacións sanitarias sinaladas na parte expositiva.**

**TERCEIRO.-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."**

**O que se publica para coñecemento e efectos.**





**En Tui, o alcalde.**

**Documento asinado dixitalmente á marxe.**



Cod. Validación: 6FSE4FQKG2NWXAGSQ5SLLMQZ | Corrección: <https://concellotu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6